



ALCALDÍA DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

Núm. expte.: **IN408A 2020/54**

Denominación do proxecto: : **Parque eólico Novo Repotenciación**

Solicitante/Promotor: **Naturgy Renovables S.L.**

Situación: **Concellos de Valdoviño, Narón e San Sadurniño (A Coruña)**

Asunto: **Levantamento de actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados e traslado do Acordo para a súa publicación.**

O 5.12.2025 comunicouse o seguinte:

*De conformidade co disposto no artigo 52.3 da vixente Lei de Expropiación Forzosa, comunicámoslle que os **días 17, 18 e 19 de febreiro de 2026** levarase a cabo o acto de levantamento de actas previas á ocupación no procedemento expropiatorio do parque eólico Novo (repotenciación), no que **solicitámos a súa comparecencia ou a do concelleiro/a no que delegue**, o cal deberá contar co oportuno nomeamento. Para proceder ao levantamento de actas terase como punto de xuntanza a **Casa do Concello de Valdoviño** nos **días e horas que figuran no calendario** que se xunta a este escrito.*

Así mesmo e co fin de continuar coa tramitación do expediente, achégase o Anuncio polo que se anuncia o levantamento de actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados xunto coa documentación que de seguido se relaciona e que poderán descargar a través das súas correspondentes ligazóns, para os efectos da súa exposición pública no taboleiro oficial dese Concello.

Á vista de que o día 17 de febreiro é festivo local neste Concello, adiantase o día do levantamento previsto para o 17 para o día 13 de febreiro. Polo tanto, o levantamento de actas previas á ocupación no Concello de Valdoviño serán os días 13, 18 e 19 de febreiro de 2026.

Asemade, indicávaselle a documentación para a exposición pública. O erro detectado implicou mudar o Anuncio e Calendario enviados. Xúntase de novo a documentación para a exposición pública:

Documentación para exposición pública:

- Anuncio do 10 de decembro de 2025, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, polo que se fan públicas as datas, horas e lugares para o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados polas instalacións de produción de enerxía eléctrica do proxecto denominado Parque eólico Novo Repotenciación, situado nos





concellos de Narón, Valdoviño e San Sadurniño (A Coruña), promovido por Naturgy Renovables S.L.U. (expediente IN408A/2020/054).

<http://descargas.xunta.es/741d8cbc-94d1-4f55-ab7b-922c7f0523561765368020682>

- Relación de titulares cos bens e dereitos afectados.

<http://descargas.xunta.es/ccf33096-67d1-4828-a21f-41009d190ffc1764937104411>

- Planos parcelarios

<http://descargas.xunta.es/7efd5fde-c529-41c0-8860-2913f402eac61765367690461>

- Calendario da convocatoria

<http://descargas.xunta.es/28dde1de-ff93-468d-bdeb-9709716b3c681765367399614>

Esta exposición faise co fin de cumprir co trámite establecido no artigo 52.2 da Lei de Expropiación Forzosa no que se establece que dita **publicación nos taboleiros oficiais realizarase cunha antelación mínima de oitos días ao levantamento de actas previas á ocupación**. Rematado este prazo, deberá remitir a esta Dirección Xeral, un certificado acreditativo desta exposición para a súa incorporación no expediente.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital
A xefa do Servizo de Coordinación de Enerxías Renovables
Manuela Fernández Caloto

